



D.^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a Alcaldía, con data de 04 de agosto de 2021, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: APRAZAMENTO 1º EXERCICIO BOLSA DE EMPREGO ADMTVOS/AS

EXPEDIENTE: 2021/G003/000950

Por Resolución da Alcaldía nº 6/2021, de 5 de xaneiro de 2021, aprobáronse a convocatoria e as bases que regulan o proceso selectivo para a constitución e funcionamento dunha bolsa de emprego para a contratación con carácter temporal de persoal administrativo do Concello de Teo.

Por Resolución da Alcaldía do 1 de xullo de 2021 (res 761/2021) aprobouse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas e fixouse a data do primeiro exercicio para o día 9 de agosto de 2021, ás 11:30h, no Restaurante Los Robles.

Á vista da decisión adoptada no día de onte, 3 de agosto de 2021, polo Comité clínico que asesora á Xunta de Galicia na xestión da pandemia provocada pola covid-19, no que o Concello de Teo sube a nivel alto de restricións, e que ditas medidas entrarán en vigor ás 00:00h do vindeiro sábado día 7 de agosto de 2021, previa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Reunido no día de hoxe o Tribunal do proceso selectivo para avaliar a situación, por unanimidade acordou propoñer a esta Alcaldía o adiamento de dito proceso selectivo, ata que a situación do nosos concello volte a ser favorable.



En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Adiar o 1º exercicio da fase de oposición do proceso selectivo para a constitución e funcionamento dunha bolsa de emprego para a contratación con carácter temporal de persoal administrativo do Concello de Teo, ata que o Concello de Teo baixe a incidencia actual e se sitúe nunha situación favorable, a xuízo do Comité clínico que asesora á Xunta de Galicia na xestión da pandemia provocada pola covid-19.

Segundo.- Dar publicidade a esta Resolución, para xeral coñecemento.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se realice.

E para que así conste, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe da sra. alcaldesa acctal., en Teo, na data da sinatura dixital do presente.

Vº e Praxe
A alcaldesa acctal.,

A secretaria xeral,

Uxía Lemus de la Iglesia

Virginia Fraga Díaz